



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Silvia Díaz Iglesias, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Juan J. Rodríguez Grandal, Manuel Domínguez Álvarez, Marcial García Freijeiro, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4134.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28 DE XULLO DE 2015, NÚM. 520.- Dáse conta da acta anterior de data 28 de xullo de 2015, o Pleno da Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 91.1 11 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais acordou aprobala polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

4135- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4123.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal para os trámites sucesivos do expediente; 4124.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal; 4125.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal para os trámites sucesivos do expediente; 4126.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 4127.- INTERVENCIÓN, INFORME SEGUNDO TRIMESTRE 2015 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA PREVISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E NO ARTIGO 4 LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 20 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A

MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal para os trámites sucesivos do expediente; 4128.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal para os trámites sucesivos do expediente; 4129.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DAS MEDIDAS A ADOPTAR TRAS A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 18/2015, DE 9 DE XULLO, POLA QUE SE MODIFICA A LEI 37/2007, DE 16 DE NOVEMBRO, SOBRE REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal para os trámites sucesivos do expediente; 4130.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA: 2º TRIMESTRE 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención Municipal para os trámites sucesivos do expediente; 4131.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA OCUPAR A VOGALÍA QUE CORRESPONDE Á SECCIÓN SEGUNDA PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria; 4132.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLO QUE SE NOMEA AOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA XUNTA DIRECTIVA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA GAC-6 RÍA DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Grupo de Acción Costeira GAC 6 de Pontevedra; 4133.- SECRETARÍA, PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS 5 CONSELLOS ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA, CONSELLOS ESCOLARES DAS ESCOLAS INFANTÍS E CONSELLO ESCOLAR DO IES DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse aos Centro de Educación Primaria, Escolas Infantís e IES de Poio.”.

A Corporación dáse por enterada.

4136.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4137.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SAÍDA DE ENCE-ELNOSA DA RÍA DE PONTEVEDRA.- Toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta aos asistentes que antes de proceder á deliberación e votación por parte da Corporación Municipal da moción presentada ten a palabra durante 10 minutos D. Avelino García Martínez Presidente do Comité de Empresa ELNOSA en virtude do escrito presentado por D. Xosé Luís García Pedrosa, Secretario Xeral de CCOO solicitando a intervención neste punto da orde do día con data 25 de setembro de 2015.

A continuación e seguindo as instrucións do Sr. Alcalde toma a palabra o representante do Comité de Empresa de ELNOSA explicando aos asistentes os motivos polos que non se debería de aprobar a moción presentada.

Unha vez rematada esta intervención, o Sr. Alcalde concédelle a palabra a D^a. Silvia Diaz Iglesias, Voceira do Grupo Municipal Nacionalista manifestando que a proposta se resume en solicitar do Goberno Estatal e da Xunta que paralicen a prórroga das concesións de ENCE/ELNOSA na ría de Pontevedra é dicir solicitar das administracións públicas que non se continúe prodigando trato de favor e facendo excepcións con ENCE-ELNOSA, excepcións que contradín a lexislación vixente, como as directrices de ordenación do territorio e o plan de ordenación do litoral, ademais de permitir a perpetuación dun complexo industrial que degrada o noso entorno, que contamina, para ser claros a nosas augas e a nosa atmosfera e que se apropia do aproveitamento económico da nosa ría xa que a estraga de xeito considerable para outros sectores como a pesca, o marisqueo ou o sector servizos, sen ter en conta as consecuencias nocivas que ten a súa actividade para a saúde das persoas e para o medio

ambiente e en ningún caso entendemos que ningunha administración pública, poda de xeito tan flagrante, poñer os intereses empresariais aos privados por enriba do benestar colectivo e que fai moito tempo que xa é hora de que ENCE-ELNOSA, que tanto se ten lucrado do seu emprazamento privilexiado, asuma as súas responsabilidades, cumpra coa lexislación e proceda ao seu traslado a outra ubicación.

A continuación toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista D^a. Consuelo Besada Lores manifestando que van apoiar a moción presentada polo Grupo Municipal Nacionalista, xa que a postura dos socialistas desde sempre non é o peche senón o seu traslado a outra ubicación máis idónea, o que non supón a destrución de postos de traballo, que como socialista, entende que é unha situación desesperante.

Toma a palabra D. Angel Moldes Martínez Voceiro do Grupo Municipal Popular e solicita que primeiramente se proceda á lectura íntegra do texto da moción e por outra parte, dicir que na sesión do Pleno de data 04 de abril de 1996, a Sra. Besada Lores votou a favor de pechar o ciclo, unha intervención que aparece nas actas as que tivemos acceso, tras efectuar a solicitude correspondente.

O problema non vai ser dos grandes inversionistas, senón vai ser da veciñanza que vai quedar sen traballo. A maioría da representación de ENCE-ELNOSA son de Poio, para mostra un membro deste grupo municipal e que por motivos da lexislación non pode votar traballa nesa fábrica.

Non é algo que se fai para solucionar o problema, senón algo que se utiliza, hai que ser obxectivos, non hai informe negativo de legalidade.

Nos desde o Grupo Municipal Popular solicitamos a retirada da moción ou que voten en contra xa que hai moitos veciños de Poio implicados neste sector, que dependen directa ou indirectamente deste complexo, e que queren seguir traballando e desempeñando a súa labor.

A continuación pola Secretaria Xeral procédese a dar lectura ao texto da moción presentada, e que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2015, e que di textualmente: “1.- A presenza do complexo ENCE-ELNOSA na Ría de Pontevedra supón desde a súa instalación nos anos sesenta do S.XX o maior problema de carácter ambiental e urbanístico que ten a nosa comarca. Se o seu emprazamento nesa época era desafortunada e imposibilitou o desenvolvemento económico e social das potencialidades da Ría de Pontevedra (pesqueiro, marisqueiro, turístico, etc), na actualidade é inaceptable.

O modelo de desenvolvemento urbano e ambiental que se está a promover e executar na sociedade actual choca de fronte coa presenza dun complexo industrial destas características nun entorno urbano e natural como a Ría de Pontevedra, numerosas cidades están a desenvolver planos de recuperación e rexeneración de espazos urbanos e naturais degradados pola presenza de instalacións industriais que son obrigadas a trasladar o seu emprazamento.

A sociedade, así como numerosos colectivos sociais, teñen manifestado en numerosas ocasións, profesionais e ambientais, a súa vontade inequívoca da desaparición de ENCE-ELNOSA da Ría.

Do mesmo xeito, o Concello de Poio tense manifestado en contra de calquera intento de consolidación (papeleira, desafectación de costas, inclusión na zona de servizos do porto de Marín, proxecto sectorial, AAI's, etc). Seguirá manifestando a súa oposición a calquera pretensión de perpetuar o complexo na Ría.

2.- O Partido Popular puxo toda a maquinaria administrativa e lexislativa do Estado ao servizo da permanencia de ENCE-ELNOSA na Ría de Pontevedra:

Modificación da Lei de Costas para posibilitar a prórroga da concesión máis alá do 2018 (maio 2013), regulamento de desenvolvemento da Lei de Costas (outubro 2014), Resolución de Costas sobre a situación da actual concesión (xullo 2015).

Esta situación permítelle á empresa ENCE solicitar a prórroga da concesión en xullo de 2015 para, coa complicidade do Goberno español, garantir a súa permanencia durante máis dun século na Ría de Pontevedra. Decisión o Consello de administración de ENCE espera que sexa tomada antes das próximas eleccións xerais e a correspondente renovación das cámaras de representantes e do goberno

español.

O goberno de Mariano Rajoy permitirá que os intereses dun grupo empresarial privado condicionen o futuro da Ría de Pontevedra ata ben andado o século XXI.

3.- A complicidade entre o PP e as empresas vai supoñer un agasallo de máis de mil millóns de euros (aforro da nova instalación, consecución de novos terreos noutro emprazamento, deixar de ter auga de balde, etc). O PP debería aclarar que é o que está a negociar con ENCE para ter que facerlle un agasallo desta magnitude.

4.- A recentes declaracións do Conselleiro de Industria, asimilando a situación de ELNOSA coa de ENCE, deixan ver claramente a intención do PP de perpetrar a continuidade da cloreira na Ría de Pontevedra e o compromiso do PP de seguir a agasallar millóns de euros a empresas privadas a cambio do futuro e da seguridade da poboación das comarcas da Ría de Pontevedra.

Despois de reiterar que a AAI de ELNOSA, anulada por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza debido ao recurso presentado polo Concello de Pontevedra, o goberno galego repetiu constantemente que isto supoñía a caducidade de ELNOSA no ano 2016.

Ningún goberno responsable, que poña os intereses xerais por riba dos privados, consideraría sequera manter nun entorno urbano unha instalación destas características.

5.- O goberno galego non pode actuar de costas á sociedade e ser cómplice silente da decisión de perpetuar ENCE-ELNOSA na Ría.

A Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en Ordenación do Territorio, elaborou e aprobou definitivamente en febreiro de 2011 as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL).

A Lei de Ordenación do Territorio de Galiza configura as DOT como instrumento de carácter global, expresión da política territorial que constitúe o marco xeral de referencia. Nelas establécense as pautas espaciais de asentamento das actividades, consonte ás políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade, con integración, se é o caso, das emanadas do Estado así como as propostas que xurdan das entidades locais.

As DOT definen, xa que logo, o modelo territorial de Galiza que orienta as actuacións sectoriais proporcionando criterios territoriais e ambientais. No que atinxe ao complexo ENCE-ELNOSA determina de xeito estratéxico que:

“...Requírese unha reordenación dos usos, trasladando cara outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisen localizarse xunto ao mar e que na actualidade signifiquen un elevado custe de oportunidade. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosa que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa ría”

“...Neste contorno evitárase, na medida do posíbel e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturas xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade”

Segundo o POL, o complexo ENCE-ELNOSA intégrase no eido dun ámbito de recualificación nunha “área continua de mellora ambiental e paisaxística” con incidencia de corredores. A regulación deste ámbito está recollida na disposición adicional terceira do POL.

Por se houberse algunha dúbida do seu alcance, as propias empresas recorreron as determinacións das DOT e o POL e en numerosas ocasións en sede parlamentar os responsables do goberno galego aludiron a estes instrumentos como garante da non permanencia do complexo industrial na Ría.

É pois impensable un informe favorable por parte da Administración galega a unha prórroga da concesión de ENCE e ELNOSA.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Esixir do Goberno do Estado a paralización inmediata de toda actuación conducente á prórroga das concesións de ENCE e ELNOSA na Ría de Pontevedra. En ningún caso tomar unha decisión antes da constitución do próximo goberno do estado

2.- Instar á Xunta de Galiza a exercer as súas competencias exclusivas en ordenación do territorio e informar desfavorabelmente a prórroga de ENCE e de ELNOSA, de solicitala, en Lourizán.

3.- Instar á Xunta de Galiza a iniciar a elaboración do instrumento de ordenación do territorio conducente a recuperación e rexeneración do espazo ocupado polo complexo

4.- Anular a AAI de ELNOSA e paralizar a súa actividade, nunca prorrogábel máis alá de 2016.”

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada no Rexistro Xeral o 09 de setembro de 2015 de proposta de acordo do Grupo Municipal do BNG sobre a saída de ENCE-ELNOSA da ría de Pontevedra a que por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e 1 abstención do PP, D. Cándido Muíños Balea aprobou a moción presentada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Esixir do Goberno do Estado a paralización inmediata de toda actuación conducente á prórroga das concesións de ENCE e ELNOSA na Ría de Pontevedra. En ningún caso tomar unha decisión antes da constitución do próximo goberno do estado

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a exercer as súas competencias exclusivas en ordenación do territorio e informar desfavorabelmente a prórroga de ENCE e de ELNOSA, de solicitala, en Lourizán.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a iniciar a elaboración do instrumento de ordenación do territorio conducente a recuperación e rexeneración do espazo ocupado polo complexo

Cuarto.- Anular a AAI de ELNOSA e paralizar a súa actividade, nunca prorrogábel máis alá de 2016.

4138.- NOMEAMENTO REPRESENTANTES POLÍTICOS, TÉCNICOS E NA ÁREA DE IGUALDADE DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de agosto de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente tramitado e da proposta da Alcaldía de data 11 de agosto de 2015 que di o que segue: “Visto o escrito de data 24 de xuño de 2015 remitido pola Presidenta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade solicitando o nomeamento de persoa/s representante/s deste Concello no devandito Fondo e de conformidade co establecido no artigo 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía propón o nomeamento dos representantes que se detallan a seguir:

Primeiro: Nomear representante político titular a esta Alcaldía e como representante político suplente a D^a. Rosa Fernández González, Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade.

Segundo: Nomear como representante técnico titular deste Concello á empregada pública D^a. Ana Campos Comín e como representante técnico suplente á empregada D^a. Helena Martínez Epifanio.

Terceiro: Nomear como representante técnico titular na área de igualdade á empregada pública e D^a. Raquel Morales Ferro sendo a súa suplente D^a. Lidia Fazanes Estévez.”.

Non suscitándose debate ningún e polo voto favorable da unanimidade dos membros proposta ditamínase favorablemente a proposto da Alcaldía de data 11 de agosto de 2015 e proponse ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Nomear representante político titular a esta Alcaldía e como representante político suplente a D^a. Rosa Fernández González, Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade.

Segundo: Nomear como representante técnico titular deste Concello á empregada pública D^a. Ana Campos Comín e como representante técnico suplente á empregada D^a. Helena Martínez Epifanio.

Terceiro: Nomear como representante técnico titular na área de igualdade á empregada pública e D^a. Raquel Morales Ferro sendo a súa suplente D^a. Lidia Fazanes Estévez.

4139.- DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS 2016.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente tramitado e do acordo da Comisión de Facenda do día 17 de agosto de 2015 no se acorda a retirada do expediente da orde do día coa finalidade de estudar o asunto e tratar o mesmo na vindeira sesión ordinaria ou extraordinaria que realice a Comisión Informativa coa finalidade de dar cumprimento aos prazos establecidos no devandito escrito remitido polo Servizo de Tráballo e Economía Social.

Tras a deliberación dos membros presentes acórdase realizar as seguintes votacións:

1^a Votación á proposta apoiada polo B.N.G. e P.S.O.E. que consiste en determinar para o ano 2016 como Festas Locais deste Concello de Poio, o día 17 de agosto, día da Galiza mártir (en substitución do día 24 de xuño San Xoán por ser festivo propio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016) e o día 24 de setembro, día da Merced, da como resultado 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP.

2^a Votación á proposta apoiada polo P.P. que consiste en determinar para o ano 2016 como Festas Locais deste Concello de Poio, o día 10 de febreiro, Mércores de Cinza (en substitución do día 24 de xuño San Xoán por ser festivo propio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016) e o día 24 de setembro, día da Merced, da como resultado 3 votos a favor do P.P., ningunha abstención e 5 votos en contra do BNG e PSOE.

Polo tanto a Comisión acordou dictaminar favorablemente a primeira proposta, elevando á consideración do Pleno, determinar para o ano 2016 como Festas Locais deste Concello de Poio, o día 17 de agosto, día da Galiza mártir (en substitución do día 24 de xuño San Xoán por ser festivo propio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016) e o día 24 de setembro, día da Merced.”.

O voceiro do Grupo Municipal Popular di que van votar en contra da proposta realizada pola comisión xa que manteñen que o festivo debería ser o 10 de febreiro, festividade local en Pontevedra, e favorece a conciliación familiar.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Determinar para o ano 2016 como Festas Locais deste Concello de Poio, o día 17 de agosto, día da Galiza mártir (en substitución do día 24 de xuño San Xoán por ser festivo propio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016) e o día 24 de setembro, día da Mercé.

Segundo: Dar conta do presente acordo á Consellería de Tráballo e Benestar-Servizo de Tráballo e Economía Social.

4140.- PROXECTO DE REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais pola presidencia solicítase a retirada da orde do día coa finalidade de incorporación de documentación ao expediente e coa finalidade de tramitar no correspondente pleno de outubro.

O pleno polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aproba a retirada do asunto da orde do día.

4141.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE REDUCIÓN DO IVE CULTURAL.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de 2015 e que di o

que segue: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio do mes de setembro de 2015 e que textualmente di o seguinte: “O 1 de setembro de 2012, o Goberno do Partido Popular impuxo unha drástica subida do IVE Cultural sobre o consumo dos seus bens e servizos, con excepción do sector do libro, fixándoo na franxa máis alta de toda Europa: o 21%. Esta medida non tivo o impacto recadatorio desexado e supuxo un claro golpe para a cultura, tanto no referido á creación como no acceso á mesma pola cidadanía.

Os datos do Ministerio de Facenda revelan que a subida do IVE Cultural supuxo unha recadación menor da esperada, á vez que prexudicou gravemente ao sector cultural español cunha perda constante de público, unha drástica diminución na creación e produción e, conseguintemente, cun aumento do paro e a destrución do tecido empresarial en sectores como o cinema, o teatro e a música.

Convén lembrar que, en termos económicos, a actividade cultural en España ascendeu a máis de 26.000 millóns de euros no 2012 (último dato publicado: Anuario de Estadísticas Culturais 2014), e a súa achega ao PIB sitúase no 3,4 %, incluídas as actividades vinculadas á propiedade intelectual. Isto supón un peso similar ou superior, no conxunto da economía, ao xerado polos sectores da agricultura, gandería e pesca (2,5% PIB), a industria química (1% PIB) ou as telecomunicacións (1,7% PIB).

A subida desproporcionada do IVE está a prexudicar gravemente á Cultura como sector de oportunidade de crecemento económico e tamén ás posibilidades de acceso á mesma por parte da cidadanía.

A fiscalidade aplicada aos produtos da creación é unha tremenda mostra de miopía por parte deste Goberno; a Cultura, coas súas diferentes manifestacións e sensibilidades, enriquece, facilita e fortalece a convivencia na sociedade, e é un dos elementos básicos da nosa proxección internacional, sendo todo iso un dos mellores legados para as xeracións futuras.

As administracións locais non son alleas a esta problemática de forma directa. Moi ó contrario, na súa función de dinamizadoras e promotoras culturais, nalgúns casos cun papel principal, son tamén prexudicadas con esta medida.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta MOCIÓN para instar ó Goberno de España a:

1. Reconsiderar a subida do IVE para os bens e actividades culturais, establecendo o seu tipo no 5%, mantendo o 4% para o libro.
2. Propor e defender no seo das Institucións da UE, o establecemento dun IVE reducido para a Cultura e que estea harmonizado en todo o territorio da Unión.“

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propón ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Nacionalista a Sra. Diaz Iglesias manifestando que unha das grandes e peores medidas que realizou o goberno foi o incremento do IVE Cultural, un incremento que que non resultou ser como esperaban porque os ingresos e recadación foi menos do que esperaban, prexudicando gravemente ao sector cultural español cunha perda constante de afluencia e estao a prexudicar gravemente como un sector de oportunidade de crecemento económico.

A Sra. Besada Lores di que van apoiar a moción porque a subida non favorece a ninguén o único que fai é prexudicar gravemente ao sector.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que se van abster xa que o incremento do IVE non favorece a ninguén nin á Cultura e esperemos que se restituía a situación.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2015 o que queda aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno de España a:

1. Reconsiderar a subida do IVE para os bens e actividades culturais, establecendo o seu tipo

no 5%, mantendo o 4% para o libro.

2. Propor e defender no seo das Institucións da UE, o establecemento dun IVE reducido para a Cultura e que estea harmonizado en todo o territorio da Unión.

4142.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO AO SECTOR LÁCTEO GALEGO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio e que textualmente di o seguinte: “As explotacións lácteas galegas están nunha situación económica límite: ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos, a imposición de contratos de condicións abusivas por parte das industrias e a banalización do leite por parte da distribución, que segue a empregalo como produto reclamo.

Miles de familias viven de xeito directo e indirecto da produción de leite en Galicia, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como dende o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio. Fronte á profunda crise que está a vivir o sector lácteo galego e á ameaza de deslocalización da produción de leite cara a outras partes do estado e de Europa.

A mala acollida nun principio do paquete lácteo, polo menos por unha banda do sector industrial, contribuíu a que en España se produza un fenómeno que non ten precedentes en ningún país da UE e moito menos nun país deficitario como é o noso, cal é o abandono de rutas de recolleita ou ameazas de non recoller. Esta situación é insostible e menos nun produto tan perecedeiro como o leite.

A sinatura de máis de 3.000 contratos con prezos de entre 18 e 22 céntimos por litro, arruína aos gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor.

Dende fai máis de un mes, tanto a nivel galego como nas diferentes comarcas máis importantes de Galicia a nivel de produción de leite, os gandeiros e gandeiras véñense manifestando de forma moi importante esixindo das administracións en xeral e sobre todo do Goberno Galego unha rápida intervención e que lidere propostas políticas a nivel nacional e europeo sen que ata o de agora sexan escoitados.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Poio, dado a importancia que o sector representa, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Solicitar do Goberno da Xunta de Galicia a que de acordo co sector desenvolva medidas políticas urxentes para evitar o peche de miles de explotacións de leite.

MEDIDAS A CURTO PRAZO

1. Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.

España é un país importador de leite, tanto de produtos elaborados como de leite en po. O goberno de España ten que xustificar a posta en marcha das medidas de intervención desde a idea de que o noso país vive nestes momentos unha situación excepcional con risco de grave desvertebración do conxunto do sector produtor. Débese por en marcha compras públicas de intervención para o leite en po e manteiga a prezos que se cubran polo menos os custos de produción dos gandeiros. O almacenamento privado e a entrega a terceiros países son sen dúbida fórmulas que tamén deben ser postas en marcha. O mundo necesita leite e nos nestes momentos podemos proporcionarlla.

2. A Determinación de un “Prezo Sostible” para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e da distribución tal como están recollidos no observatorio do Ministerio ós que se agregarían o prezo medio da leite na UE-15.

Os gandeiros galegos están dispostos a competir no mercado pero o que non poden e soportar os prezos máis baixos de Europa e con diferencias de ata 8 céntimos con respecto a outras comunidades autónomas do Estado, non e xusto nin explicable por ningunha razón e menos polas razóns do “mercado”. Este prezo nunca podería ser inferior os custos de produción dos gandeiros, algo suficientemente obxetivable.

3. Vixilancia e sanción dos contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.

Nun contexto no que os mercados nacionais e internacionais ofrecen expectativas, é preciso

recoller todo o leite que existe no mercado a prezos de mercado.

4. Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e so produtos lácteos nos lineais da gran distribución.

É preciso xerar valor na cadea láctea e que devandito valor se reparta ao longo da mesma. Debe cumprirse a lei de Transparencia da Cadea Alimentaria en especial as labores de control, inspección e sanción de prácticas comerciais irregulares.

5. Axudas inmediatas directas ás explotacións, para evitar o peche xa que arrastran moitos meses perdendo cartos.

MEDIDAS A MEDIO PRAZO:

1. Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores lóxicos que aporten algún valor na cadea, e non meros intermediarios.

A esixencia de un aval suficiente poder ser unha forma de regulación que ofrezca garantía de cobro aos produtores. Tamén se debe axilizar a retirada do permiso de actividade no caso de reincidencia nas prácticas nocivas para o sector.

2. Necesidade de recuperación do consumo.

Impulso do programa de leite escolar que permita unha mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos e un aumento do seu consumo nun fragmento de poboación máis xoven. Mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos, utilizando argumentos que contrarresten a imaxe negativa do leite que se da en moitos ámbitos.

3. É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.

A interprofesional láctea e o contrato lácteo son elementos importantes de estabilidade e vertebración sectorial. É preciso buscar fórmulas novidasas que resolvan a difusión dos índices de referenciación de prezos para o seu uso de forma xeneralizada nos contratos lácteos.

É unha prioridade para que a negociación dos termos do contrato se produzan en condicións de equilibrio. Varios son os elementos que producen desequilibrio na negociación. Un é o carácter perecedeiro do produto, a diferenza da capacidade de concentración entre produtor e industrial, e a existencia de unha única canle de venda de leite sexa a primeiros compradores ou a industrias.

4. Aposta por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.

Desenvolvemento da figura do mediador, para que interveña naqueles casos en que non exista acordo nas condicións de contrato previo á sinatura do mesmo ou para aqueloutros en que a industria nin sequera se queira sentar coas organizacións de produtores.

A deslocalización da produción láctea é unha das grandes preocupacións pois pode afectar a moitos dos pequenos e medianos produtores de leite. É necesario establecer instrumentos para evitalo.

5. Establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.

Consideramos necesarias medidas de carácter estratéxico para reforzar e asegurar posición de liderado do sector lácteo galego en España e poder facer fronte en mellores condicións a posibles crises de baixos prezos de mercado que poden repetirse na nova situación de mercado liberalizado. Neste sentido hai que acordar e comprometerse á elaboración urxente, tal como o PSdeG-PSOE reclamou de forma reiterada, dun plan estratéxico de sector Lácteo Galego:

Contando con todos os axentes implicados.

Con compromisos orzamentarios axeitados, claros, e calendarizados.

Con medias enfocadas para que os produtores poidan abaratar os custos de produción e centrados fundamentalmente nun eficaz acceso a máis base territorial

Con un plan industrial propio galego que conte coas cooperativas, e que dote a este país de estruturas de fabricación de produtos elaborados que xeren maior valor engadido que o leite líquido.”

A Sra. Besada Lores considera que estos acordos que se solicitan son bos para que o sector lácteo galego non desapareza e evitar o peche de moitas explotacións de leite.

O Sr. Barreiro Lubián di que é un sector primordial da economía galega, se estas explotacións que están no rural desaparecen despoboarase aínda máis.

Esto é consecuencia dun mercado libre que o parecer é máis libre para uns que para outros, estase pagando igual que hai 30 anos.

O Sr. Moldes Martínez di que o seu grupo estaría de acordo con algúns puntos pero con outros

non. Hai un acordo histórico con sindicatos consensuado polo propio sector que creo que é bo. Eu pediría consumo de leite 100% galega.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que non lle parece solución dicir consumo de leite de aquí so, é demagogia pura. Non se pode vender por debaixo do coste de produccion. Que se tomen as medidas que hai que tomar para que este sector, clave en Galicia, non se vaia ao tacho.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores manifestando que a sociedade é coñecedora da situación actual do sector lácteo e que como non se solventa o problema, moitos teñen que pechar. A pesar de que se avanzou moito estes días e se conseguiu un acordo de manter un prezo mínimo consideramos que debe de aprobarse esta moción para instar ao goberno e que non se volva a repetir esta situación.

A Voceira do Grupo Municipal Nacionalista, a Sra. Díaz Iglesias,, di que están a favor da moción presentada e que os acordos conseguidos motivábase fundamentalmente polo esforzo dos produtores e ás mobilizacións destes.

Garántese un prezo mínimo que cubra os custes de produción e deberíase fomentar o produto lácteo galego que supón un 40% do sector español así como conseguir unha etiquetaxe galega 100%.

O voceiro do Grupo Municipal Popular, o Sr. Moldes Martínez di que o seu grupo se vai abster, trátse dun sector importante para Galiza, débese facer un esforzo por parte de todos e solicitamos que se respecte o que se aprobou a pesar de que non é nada sinxelo intervir nos prezos.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que queda aprobada nos seus propios termos por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

4143.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CO MOTIVO DO REPUNTE DE ASASINATOS MACHISTAS OCORRIDOS NOS ÚLTIMOS MESES.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de 2015 e que di o que segue: “Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio no mes de setembro de 2015 e que textualmente di o seguinte: “ A violencia de xénero non é un problema que afecte o ámbito privado. Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Con ese convencemento naceu a lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Unha lei recoñecida e mesmo premiada como unha das mellores leis de loita contra a violencia cara ás mulleres e que establece un sólido e completo marco legal para a prevención, protección, persecución e castigo da violencia por parte do compañeiro ou ex compañeiro sentimental.

A pesar diso, as mulleres seguen sufrindo violencia de xénero, e o número de asasinatos mantense en cifras arrepiantes. Nos últimos meses, a violencia de xénero segou a vida de mulleres e menores conmocionando a todo o país. A sociedade española padeceu un repunte de asasinatos machistas, convertendo o verán de 2015 nun período tráxico, no que se rexistraron o maior número de asasinatos desde 2010.

Unha violencia ante a que non podemos nin queremos permanecer impasibles. Para o PSdeG - PSOE, a igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental. O recoñecemento que fai a Constitución de 1978 de España como un Estado social e democrático de Dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político ten que traducirse na plena consideración das mulleres como suxeitos de dereitos de cidadanía. Con todo, a cidadanía das mulleres aínda non está consolidada e frecuentemente atópase en dúbida. Fronte a iso, é necesario reforzar e promover os mecanismos que a garantan e afasten do vaivén das conxunturas

políticas.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e fillas xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para conseguilo.

A situación de violencia que sofren as mulleres esixenos avanzar ata o cumprimento do convenio de Estambul, ratificado por España e que aborda de maneira integral a violencia contra as mulleres. Esíxenos avanzar ata un gran acordo por unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres que implique a toda a sociedade e ós poderes públicos para loitar desde todos os ámbitos contra a Violencia de Xénero, que non escatime esforzos, medios e recursos.

Por todas estas razóns, o pleno do Concello de Poio aproba a seguinte moción, na que insta ó Goberno a adoptar e promover un Acordo Social, Político e Institucional Contra a Violencia de Xénero para construír unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres cos seguintes puntos:

1. Repor e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

2. Nos orzamentos Xerais do Estado 2016 multiplicar por cinco a partida destinada á Delegación do Goberno para a violencia de xénero.

3. Creación da Unidade de Coordinación contra a Violencia de Xénero en cada Comunidade Autónoma.

4. Dotar dun fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

5. Poñer en marcha, dous xulgados especializados en Violencia de Xénero comprometidos, así como o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero dobre o itinerario e procedemento mais seguro, no seu percorrido xudicial dende o momento no que poñen a denuncia ata o final do proceso.

6. Establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

7. Activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.

8. Incorporar ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

9. Pór en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

10. Obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

11. Ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou.”

A Sra. Besada Lores explica o contido da moción indicando que se trata de tomar medidas polo repunte da violencia de xénero, non se pode permitir que sigamos con estos asasinatos escabrosos en pleno século XXI.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores explicando o contido da moción na que se insta ao goberno a adoptar unha serie de acordos para evitar casos de violencia de xénero xa que se trata dun problema que afecta á sociedade e que se están a incrementar nos últimos meses.

A voceira do Grupo Municipal Nacionalista, a Sra. Díaz Iglesias manifesta que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción presentada xa que os casos repuntan nos últimos meses, cifran que non cesan. Solicitamos que se desenvolvan as leis, e que se trate como unha cuestión de estado, dándolle prioridade. Pedimos unha igualdade plena.

O Grupo Municipal Popular, o Sr. Moldes Martínez, di que o seu grupo vai votar a favor.

Acabada a quenda de intervencións o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ó Goberno a adoptar e promover un Acordo Social, Político e Institucional Contra a Violencia de Xénero para construír unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres cos seguintes puntos:

1. Repor e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

2. Nos orzamentos Xerais do Estado 2016 multiplicar por cinco a partida destinada á Delegación do Goberno para a violencia de xénero.

3. Creación da Unidade de Coordinación contra a Violencia de Xénero en cada Comunidade Autónoma.

4. Dotar dun fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

5. Poñer en marcha, dous xulgados especializados en Violencia de Xénero comprometidos, así como o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero dobre o itinerario e procedemento mais seguro, no seu percorrido xudicial dende o momento no que poñen a denuncia ata o final do proceso.

6. Establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

7. Activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.

8. Incorporar ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

9. Pór en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

10. Obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

11. Ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou.

4144.- MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE POIO SOBRE O USO DE HERBICIDAS E TAU-FLUVALINATO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego do Concello de Poio o 9 de setembro de 2015 e que textualmente di o seguinte: “Segundo escrito rexistrado pola Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) no Concello de Poio con data 30 de xullo e nº de entrada 3832 relativa ao uso de herbicidas e Tau-fluvalinato, cunha ampla exposición de motivos informando sobre os herbicidas e o insecticida Tau-fluvalinato e expoñendo os riscos que para a biodiversidade e para a saúde supón o uso xeneralizado de herbicidas e insecticidas.

Entendendo a importancia da asunción do principio de precaución nun aspecto que pode afectar á saúde da cidadanía e do territorio, e como queira que existen outras prácticas máis saudables para a eliminación de herbas adventicias, especies invasoras ou o control de pragas, o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Conscientes dos efectos negativos que os herbicidas e insecticidas como o Tau-fluvalinato implican para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (coa afectación resultante nos sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e a destrución do emprego e a actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, normas que recomendan o uso doutros medios máis saudables para a eliminación de organismos nocivos (como as malas herbas e o goníptero), o Pleno do Concello de Poio acorda prohibir o uso dos herbicidas e do tau-fluvalinato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por medios mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio ambiente.

Segundo.- A tal efecto, este Concello acorda dar traslado da presente moción á Deputación Provincial, á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e ao Ministerio de Fomento, organismos que ostentan competencias en materia de conservación de estradas que se atopan neste termo municipal.

Terceiro.- Nos casos concretos de conflito, o Concello de Poio solicitará por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas ou Tau-fluvalinato nos puntos de captación de augas veciñais e en zonas específicas que, en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.

Cuarto.- Co obxecto de avanzar na sustentabilidade do termo municipal, o Pleno do Concello de Poio acorda que se promova a realización de cursos formativos de fomento da agricultura ecolóxica, libre de químicos, favorecendo deste xeito a sustentabilidade do medio ambiente do concello, así como a saúde dos seus habitantes e o mantemento da calidade das augas.

Quinto.- Asemade, o Concello de Poio acorda dar traslado deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no concello de Poio. “

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Nacionalista, a Sra. Díaz Iglesias, explicando que se trata dunha moción de apoio á petición realizada pola Asociación pola Defensa da Ría (APDR) relativa ao uso de herbicidas e Tau fluvalinato na que se solicita implicación das administracións e que se poñan en práctica métodos máis saudables para a eliminación de herbas e pragas e que non se usen este tipo de produtos nocivos para a saúde.

A Sra. Besada Lores e o Sr. Moldes Martínez, voceiros dos Grupos Municipais Socialista e Popular, manifestan que van apoiar a moción, ao considerar que se deben de utilizar outros métodos menos nocivos para a saúde.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2015 o que queda aprobado polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Conscientes dos efectos negativos que os herbicidas e insecticidas como o Tau-fluvalinato implican para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (coa afectación resultante nos sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e a destrución do emprego e a actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, normas que recomendan o uso doutros medios máis saudables para a eliminación de organismos nocivos (como as malas herbas e o goníptero), o Pleno do Concello de Poio acorda prohibir o uso dos herbicidas e do tau-fluvalinato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por medios mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio ambiente.

Segundo.- A tal efecto, este Concello acorda dar traslado da presente moción á Deputación Provincial, á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e ao Ministerio de Fomento, organismos que ostentan competencias en materia de conservación de estradas que se atopan neste termo municipal.

Terceiro.- Nos casos concretos de conflito, o Concello de Poio solicitará por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas ou Tau-fluvalinato nos puntos de captación de augas veciñais e en zonas específicas que, en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.

Cuarto.- Co obxecto de avanzar na sustentabilidade do termo municipal, o Pleno do Concello de Poio acorda que se promova a realización de cursos formativos de fomento da agricultura ecolóxica, libre de químicos, favorecendo deste xeito a sustentabilidade do medio ambiente do concello, así como a saúde dos seus habitantes e o mantemento da calidade das augas.

Quinto.- Dar traslado deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no concello de Poio.

4145.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI, POR ILP, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego do Concello de Poio 9 de setembro de 2015 e que textualmente di o seguinte: “Segundo escrito rexistrado pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Concello de Poio con data 27 de agosto e nº de entrada 4227, o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo: **Primeiro.**- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar a Confederación Intersindical Galega por iniciativa lexislativa popular, e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. **Segundo.**- Animar á veciñanza do Concello de Poio a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción indicando que cada vez son máis as persoas e familias que non poden pagar as facturas do subministro eléctrico. Con esta moción o que se pretende é esixir mínimos garantizados para garantir unha vida digna.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción onde se pide que xente que non poden pagar as facturas se queden sen subministro eléctrico.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e

proponer ao Pleno a súa aprobación. ”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Nacionalista, a Sra. Díaz Iglesias, indicando que se trata, ao igual que o punto anterior, dunha moción de apoio ao escrito presentado pola Confederación Intersindical Galega (CIG), que está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa popular para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética baseado nunha tarifa propia para Galiza e que supoña unha baixada das tarifas.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores di que se trata dunha moción similar a outras presentadas e aprobadas polo Pleno do Concello de Poio e van votar a favor.

O Sr. Moldes Martínez manifesta o apoio do seu Grupo ao texto da moción presentada.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2015 a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar a Confederación Intersindical Galega por iniciativa legislativa popular, e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do Concello de Poio a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

4146.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO UNHA COBERTURA SANITARIA UNIVERSAL DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE COMO DEREITO CONSTITUCIONAL EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de setembro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio no mes de setembro de 2015 e que textualmente di o seguinte: ” O Real decreto - lei 16/2012, do 20 de abril do Goberno do PP, entre outras disposicións, modificou o artigo 12 da Lei 4/2000 de estranxeiría suprimindo o acceso ao Sistema Nacional de Saúde en igualdade de condicións cos españois para os inmigrantes empadroados, limitando a súa atención aos supostos de emerxencia, embarazo parto e postparto, e menores de 18 anos.

Esta norma foi frontalmente contestada por partidos políticos da oposición e por sectores moi amplos e diversos da sociedade española (organizacións de dereitos humanos, humanitarias e de cooperación, sociedades profesionais e científico - médicas, sindicatos, gobernos autonómicos, etc.) por negar o dereito humano á saúde e ao acceso aos servizos sanitarios, por ser lesiva para a saúde pública xeral, por inhumana e inxusta, por improvisada, etc., pero tamén por falta de rigor nos supostos de abusos e aforro cos que o Goberno do PP pretendeu xustificala.

Os Socialistas temos manifestado sempre con toda claridade e contundencia o noso absoluto desacordo cun real decreto lei que veu modificar o modelo de sanidade pública que ata agora tiñamos, pois o que para nós sempre foi un DEREITO ligado a condición de cidadán co decreto do PP transformábase nun SERVIZO reservado só para as persoas aseguradas.

Así, nas comunidades autónomas gobernadas polo PSOE (Andalucía e Asturias, xunto con País Vasco e Navarra encontraron formas de dar atención ós inmigrantes ante a hostilidade do Goberno de Rajoy, que obstaculizou estas medidas chegando a recorrelas, sen éxito, nos tribunais.

As eleccións do 24 de maio pasado cambiaron radicalmente a paisaxe política das comunidades autónomas, desaloxando delas moitos gobernos do PP e levando ao PSOE aos gobernos de Aragón, Baleares, Cantabria, Castela- A Mancha, Extremadura, Comunidade Valenciana e Canarias. Estes gobernos, consecuentes cos valores socialistas, apresuráronse a dar atención sanitaria aos inmigrantes dos seus territorios excluídos polo Real decreto lei 16/2012.

Ante esas medidas o PP a través do Goberno central reacciona disparatada, precipitada e descoordinadamente, ameazando primeiro ás comunidades autónomas cunhas fantasiosas sancións da UE, para logo contradicirse e facer a enésima proposta preelectoral para solucionar o problema. Pois xa leva o PP feito toda unha serie de propostas absurdas, a maioría electoralistas, por tratar non de solucionar o problema creado por eles, senón para tratar de recuperar os votos perdidos cunha medida tan antisocial.

Primeiro encargaron ás ONGs a atención destes colectivos; despois faláron de facturar a atención aos países de orixe dos inmigrantes; mais tarde dixeron que os inmigrantes ilegais subscribiran un seguro (“convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que no teñan a condición de aseguradas ni de beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde e se modifica o Real decreto 1192/2012”), aprobado no Real Decreto 576/2013, o que resultou un fracaso sen paliativos, como era de esperar; e así ata chegar as eleccións de maio 2015, que, como primeira promesa preelectoral, se comprometeron a habilitar o acceso á Atención Primaria, xusto antes das eleccións autonómicas.

Agora, antes das eleccións xerais, fan a segunda promesa preelectoral: a creación dun rexistro nacional de inmigrantes sen papeis, iniciativa/ocorrência do Ministerio de Sanidade, absolutamente disparatada, tal e como temos denunciado os socialistas, as organizacións humanitarias, as profesionais e as sanitarias.

A única alternativa posible e seria para solucionar á situación creada polo Real decreto lei 16/2012 do Goberno PP é solo a súa DERROGACIÓN e SUBSTITUCIÓN por outra lei que recoñeza “a cobertura sanitaria universal como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todos”.

Está moi claro que a iniciativa última do Ministro de Sanidade do Goberno PP é disparatada por ser contraditoria nos seus termos (¿rexistro nacional de sen papeis?) e pola súa imposible implementación práctica.

O PSOE dende os gobernos das comunidades autónomas, Parlamentos autonómicos, e concellos defenderemos unha sanidade universal, pública e de calidade, esixindo ao Goberno seriedade, rigor e coherencia en materia sanitaria.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Poio, propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

O Concello de Poio insta ao Goberno do Estado a que, de forme inmediata, derroque o Real decreto lei 16/2012 e o substitúa por outra lei que recoñeza a cobertura sanitaria universal do Sistema Nacional de Saúde como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todas as persoas. “

A Sra. Besada Lores di que o sistema sanitario se vai privatizando pouco a pouco. Existe unha discriminación dependendo do lugar onde resida.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP, e dando cumprimento ao artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, propón a elevación plenaria as dúas propostas resultantes da votación: ”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores, manifestando que estamos ante un panorama de desmantelamento da cobertura sanitaria, solicitamos unha sanidade universal para todos. Estamos vivindo situacións lamentables, na que se fan investimentos innecesarios de millóns de euros creando situacións caóticas.

Solicitamos a derogación do decreto 16/2012.

A voceira do Grupo Municipal Nacionalista di que van votar a favor da moción xa que están totalmente de acordo, tratándose dun dereito universal, para todos, que o goberno debe garantir.

O Sr. Moldes Martínez di que están de acordo que se trata dun dereito pero hai que poder mantelo e necesita financiamento.

A Sra. Besada Lores di que financiamento non é construír un hospital privado, esperemos que en Montecelo non se faga o mesmo, e que os presupostos se respecten non cuatriplificando os mesmos.

O Sr. Moldes Martínez apunta que o prego do hospital de Vigo realizouno un Concelleiro do PSOE.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2015 o que quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstencións adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Poio insta ao Goberno do Estado a que, de forme inmediata, derroge o Real decreto lei 16/2012 e o substitúa por outra lei que recoñeza a cobertura sanitaria universal do Sistema Nacional de Saúde como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todas as persoas.

4147.- URBANISMO, EXP. 321/15, INFORME SECTORIAL SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL NUMERO 5 DO PXOM DO CONCELLO DE SANXENXO.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Urbanismo a instancia de escrito remitido polo Concello de Sanxenxo no que remiten expediente para informe en relación á modificación puntual número 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Constan no expediente os seguintes informes:

Informe emitido pola Arquitecta Municipal con data 14 de setembro de 2015: “Asunto: modificación puntual Nº5 do PXOM do Concello de Sanxenxo. Situación: Sanxenxo.

Interesado/a: Concello de Sanxenxo. Expediente : 321/15

Logo de ver o oficio remitido polo Alcalde-Presidente do Concello de Sanxenxo o 21/08/2015 (entrada no Rexistro núm. 4129) ao respecto da modificación puntual nº5 do PXOM dese Concello, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

Remítese no trámite de audiencia ás administracións afectadas, segundo o artigo 85º.2) da Lei 9/2002, de 03 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a seguinte documentación:

Documento aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 17/07/2015 da modificación puntual nº5 do PXOM do Concello de Sanxenxo redactada por técnicos municipais en setembro de 2014.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Segundo se indica no documento, o obxectivo da modificación puntual é:

1. Dotar de ordenación urbanística de solo urbano consolidado a un ámbito territorial que quedou sen ela por sentenza xudicial que anulou o PEI-18.

Compróbase que o ámbito das actuacións non afectan ao límite co concello de Poio.

INFORME: Polo exposto, informo que, si ben o Concello de Sanxenxo é limítrofe co Concello de Poio, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas disposicións da modificación puntual nº5 do PXOM do Concello de Sanxenxo aprobada inicialmente o 17/07/2015.”

Informe emitido pola Secretaria Xeral con data 19 de setembro de 2015: “Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte INFORME

1. Antecedentes de feito.

Relatados no informe da arquitecto municipal de 14 de setembro de 2015.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Procedemento.

Conforme ao art. 85.2º LOUGA: “O concello que o formulou procederá a súa aprobación inicial e, a continuación, o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sostenibilidade ambiental, someterase simultaneamente ás consultas previstas no documentos de referencia e ó trámite de información pública durante un prazo de

dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periodicos de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será necesario a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias dos terreos afectados”.

Trámite igualmente aplicable ás modificacións do planeamento xeral por aplicación do establecido no art. 94 LOUGA.

Tal e como se desprende do informe técnico municipal o expediente de aprobación inicial de modificación do PXOM do limítrofe Concello de Sanxenxo, non contempla determinación ningunha que afecte en sentido estrito a esta entidade local.

Segunda.- Órgano competente e prazo de emisión do informe.

Pese a non existir referencia expresa na normativa urbanística e pese a cláusula residual de competencias que en favor do Alcalde que establece o art. 21.1º.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a finalidade propia do trámite a realizar implica a xuízo desta funcionaria, o pronunciamento mediante a emisión de informe polo Pleno do Concello (art. 22.2º.c) LBRL).”.

Con data 22 de setembro de 2015 a Comisión Informativa de Urbanismo ditamina que non procede opoñerse á modificación puntual número 5 do PXOM do Concello de Sanxenxo, xa que estas non afectan ás disposicións do PXOM do Concello de Poio.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Non formular alegación ningunha á modificación puntual número 5 do PXOM do Concello de Sanxenxo, xa que estas non afectan ás disposicións do PXOM do Concello de Poio.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Concello de Sanxenxo.

4148.- URBANISMO, EXP. 312/15.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E CARLOS, MARÍA ÁNGELES, MARI LUZ, ISABEL E LEONARDO MARTÍNEZ VILLANUEVA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente 312/15 tramitado polo Servizo de Urbanismo do Concello e do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada o 28 de abril de 2015 de aprobación inicial do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. Carlos, María Ángeles, Mary Luz, Isabel e Leonargo Martínez Villanueva para a execución da obra “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”.

Publicándose os correspondentes anuncios de aprobación inicial no Diario de Pontevedra do 26 de maio de 2015 Diario Oficial de Galicia de data 26 de xuño de 2015 e no taboleiro de anuncios do Concello de 26 de xuño de 2015, estando a información pública polo prazo de 20 días e non formulándose alegación ningunha segundo a certificación expedida con data 4 de agosto de 2015 pola Secretaria Xeral.

Consta no expediente informe favorable emitido polo Asesor Xurídico do Concello de data 07 de setembro de 2015 e ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 22 de setembro de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ao convenio na forma que foi aprobada inicialmente, notificándose dito acordo aos interesados para que presten conformidade e remisión posterior ó

notario para a formalización das escrituras públicas correspondentes no prazo establecido no artigo 237.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, facultando ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4149.- URBANISMO, EXP. 313/15.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E FRANCISCO FRANCO SOLLA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente 313/15 tramitado polo Servizo de Urbanismo do Concello e do acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada o 20 de maio de 2015 de aprobación inicial do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e Francisco Franco Solla para a execución da obra “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”.

Publicándose os correspondentes anuncios de aprobación inicial no Diario de Pontevedra do 29 de maio de 2015, Diario Oficial de Galicia de data 26 de xuño de 2015 e no taboleiro de anuncios do Concello de 26 de xuño de 2015, estando a información pública polo prazo de 20 días e non formulándose alegación ningunha segundo a certificación expedida con data 4 de agosto de 2015 pola Secretaria Xeral.

Consta no expediente informe favorable emitido polo Asesor Xurídico do Concello de data 07 de setembro de 2015 e ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 22 de setembro de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ao convenio na forma que foi aprobada inicialmente, notificándose dito acordo aos interesados para que presten conformidade e remisión posterior ó notario para a formalización das escrituras públicas correspondentes no prazo establecido no artigo 237.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, facultando ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4150.- URBANISMO, EXP. 314/15.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E RAUL TORRES SOTO E CÁNDIDA ABOAL ESPERÓN PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente 314/15 tramitado polo Servizo de Urbanismo do Concello e do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada o 28 de abril de 2015 de aprobación inicial do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e Francisco Franco Solla para a execución da obra “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”.

Publicándose os correspondentes anuncios de aprobación inicial no Diario de Pontevedra do 5 de xuño de 2015, Diario Oficial de Galicia de data 10 de agosto de 2015 e no taboleiro de anuncios do Concello de 26 de xuño de 2015, estando a información pública polo prazo de 20 días e non formulándose alegación ningunha segundo a certificación expedida con data 11 de setembro de 2015 pola Secretaria Xeral.

Consta no expediente informe favorable emitido polo Asesor Xurídico do Concello de data 14 de setembro de 2015 e ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 22 de setembro de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ao convenio na forma que foi aprobada inicialmente,

notificándose dito acordo aos interesados para que presten conformidade e remisión posterior ó notario para a formalización das escrituras públicas correspondentes no prazo establecido no artigo 237.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, facultando ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes mocións:

4151.- MEMORIA-PROGRAMA ACTUALIZADA ARI. RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola secretaria presente na sesión dáse conta do erro material detectado con ocasión da ficha da memoria-programa das actuacións a desenvolver pola Oficina de Rehabilitación Integral de combarro, período 2015-2016 ao abeiro das axudas convocadas polo Ministerio de Fomento a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo e ao verificarse que non corresponde á fase 8ª senón á 7ª procede á rectificación do erro material dos acordos adoptados nas sesións do Pleno de 16 e 28 de abril de 2015. de conformidade co disposto no artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Con data 29 de setembro de 2015 a comisión informativa de urbanismo toma coñecemento do erro producido para os efectos da súa emenda nos acordos adoptados polo Pleno en sesións realizadas o 16 e 28 de abril de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros toma coñecemento do erro material producido para os efectos da súa emenda nos acordos adoptados polo Pleno en sesións realizadas o 16 e 28 de abril de 2015.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.